VISTA a solicitude de **licenza de primeira ocupación** para **VIVENDA UNIFAMILIAR DE SEMISOTO, PLANTA BAIXA E BAIXO CUBERTA** construída ao amparo da licenza de obra nº 51/19 (acordo de Xunta de Goberno Local de data 26 de decembro de 2019), da que son promotores **ANA OUTEIRAL MARTÍNEZ - MARCOS MANEIRO ROMERO**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o **informe técnico favorable** emitido pola **enxeñeira municipal** tras xirar a pertinente visita de comprobación en relación a licenza de primeira ocupación o **día 8 de febreiro de 2023**, o informe emitido con data **10 de abril de 2023**, polo **técnico de administración xeral adscrito ó departamento municipal de Urbanismo** e o informe de data **14 de abril de 2023** emitido polo **secretario xeral da Corporación** no que noutros extremos ponse de manifesto que no Diario Oficial de Galicia de 30 de decembro de 2022, publicouse a Lei 7/2022, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas pola que modifícase a Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia, **co obxectivo de substituír a licenza de primeira ocupación polo réxime de comunicación previa.**

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a Dña. Ana Outeiral Martínez e D.Marcos M. Maneiro Romero **LICENZA DE PRIMERA OCUPACIÓN** para vivenda unifamiliar de semisoto, planta baixa e baixocuberta construída ao amparo da licenza de obra nº 51/19 concedida pola Xunta de Goberno local en sesión celebrada na data 26 de decembro de 2019, no lugar no lugar de Figueirido, Palmeira, Ribeira en parcela con refª catastral nº 15074A838000830000ZM, nos termos da **Certificación Final de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e con dilixencia favorable do Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación asinados polo arquitecto D. Alberto Pérez Saborido, (arquitecto col. nº 4.773) e polo arquitecto técnico D. Ramón Boo Pego (col. nº 2.600), **Acta de Recepción de Edificio Terminado, Xustificante da declaración catastral do Modelo 900-D, Certificado de Instalación de Electricidade, Documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións de electricidade, Certificado de idoneidade emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas (VIAQUA)** asinado por D. Guzmán palacios Rosete Xefe de Eplotación Operaciones Zona Sur na data 8 de decembro de 2022.

SEGUNDO.-Os interesados deberán actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).



TERCEIRO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

10.- VAO PERMANENTE – Manuel Suárez Mariño

Visto o escrito presentado por **Manuel Suárez Mariño**, de data 11/04/2023 (Rexistro de entrada nº 9.045), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Novoa Santos, nº 9 (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 13/04/2023 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a Manuel Suárez Mariño**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,00 m.), na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Carreiro, nº 7 (Aguiño), con reforzo de pintado de liña amarela, según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facelle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

11.- VAO PERMANENTE – Eduardo Fernández Fontaiña

Visto o escrito presentado por **Eduardo Fernández Fontaiña**, de data 02/03/2023 (Rexistro de entrada nº 5.340), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Pombal, nº 31 (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 14/04/2023 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**



- a) **Conceder a Eduardo Fernández Fontaiña**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,00 m.), na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Pombal, nº 31, con reforzo de pintado de liña amarela enfronte (ao outro lado da calzada) ao vao permanente, según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

12.- VAO PERMANENTE – Com. Prop. Gral. Edif. Rúa Castelao

Visto o escrito presentado por Francisco J. Rodríguez Rodríguez en representación da **Com. Prop. Gral. Edif. Rúa Castelao**, de data 11/04/2023 (Rexistro de entrada nº 8.985), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Castelao, nº 84 (Aguíño).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 14/04/2023 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a Com. Prop. Gral. Edif. Rúa Castelao**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,00 m.), na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Castelao, nº 84 (Aguíño), con reforzo de pintado de liña amarela, según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

14.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL (DJ) EN PRAZA UXÍO NOVONEYRA – Digna Adelaida Cedeño Cedeño

VISTO o escrito presentado por Digna Adelaida Cedeño Cedeño, en representación dos establecementos **Bar Odelos e tenda situada na Praza Uxío Novoneyra, 1 (Ribeira)**, de data 14/04/2023 (Rexistro de entrada nº 9.282), no que solicita permiso para evento musical (Dj) na Praza Uxío Novoneyra (Ribeira), o día 05/05/2023, en horario de 19:00 h. a 23:00 h., co motivo da inauguración dunha tenda na Praza Uxío Novoneyra, nº 1 (Ribeira) e promoción do establecemento Bar Odelos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**



PRIMEIRO.- Conceder autorización (**Debendo cumprir co horario establecido nas instruccións**) a Digna Adelaida Cedeño Cedeño, en representación dos establecementos **Bar Odelos e tenda situada na Praza Uxío Novoneyra, 1 (Ribeira)**, para evento musical (Dj) na Praza Uxío Novoneyra (Ribeira), o día 05/05/2023, **nas condicións establecidas pola “Instruccións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira”**, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, 2022 (Publicada no BOP nº 206, de data 31/10/2022), e na que se establece:

“(…)

5.- DATAS E HORARIOS:

5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”: entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. Cafetería:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

“(…)”

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor, neste caso a **representante** dos establecementos **Bar Odelos e tenda situada na Praza Uxío Novoneyra, 1 (Ribeira) (Digna Adelaida Cedeño Cedeño)**, deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: **“O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza,**



tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable."

- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: "1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)"
- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: "Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal."
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: "Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable."

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na



execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

15.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN EXTERIOR DE LOCAL DE HOSTALERÍA – Ramón Sandez Pereira

VISTO o escrito presentado por **Ramón Sandez Pereira**, en representación do establecemento “Bar Moncho do Oslo”, de data 17/04/2023 (Rexistro de entrada nº 9.497), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Moncho do Oslo” (Aguíño), o día 6 de maio de 2023, en horario de 20:30 h. a 02:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Denegar a solicitude de autorización presentada por Ramón Sandez Pereira, en representación do establecemento “Bar Moncho do Oslo”, para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Moncho do Oslo” (Aguíño), o día 6 de maio de 2023, en horario de 20:30 h. a 02:00 h., por coincidir con outros eventos na mesma data (“Os Maíos”), polo que varias rúas xa estarán cortadas.

16.- DACIÓN DE CONTA DA PROGRAMACIÓN DO MES DE ABRIL DE 2023 DO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do informe emitido pola Concelleira Delegada de Educación, Juana Brión Santamaría, de data 17/04/2023, relativo ás actividades do Departamento de Educación e Normalización Lingüística durante o mes de abril de 2023, e que consta no expediente.

17.- CELEBRACIÓN DA HOMENAXE A LOS TAMARA CO MUSICAL “UNHA NOITE NA EIRA DO TRIGO” EN PALMEIRA

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 17/04/2023, na que expón:

“A área municipal de cultura, en colaboración coa concellería de educación, impulsou un ano máis unha completa programación baixo a denominación de “Abril mes dos libros”. O programa conta con preto dunha vintena de accións gratuítas de carácter diverso, dende contacontos, a espectáculos teatrais, talleres sobre o traxe galego, intercambios escolares, seminarios en colaboración coa Universidade e unha gala musical en homenaxe ao mítico grupo Los Tamara.

É de interese destacar este evento musical, baixo o título “Unha noite na eira do trigo” que terá lugar no Porto de Palmeira o vindeiro sábado 22 de abril, de 21:00 h a 02:00 h do domingo 23, pois serve ademais de como recoñecemento a ese grupo musical, coma homenaxe a un dos seus compoñentes, director e fundador do conservatorio e da Coral Municipal de Ribeira, ilustre veciño do noso municipio, que non é outro que Enrique Paisal.



Para este musical instalárase no tramo final do Porto de Palmeira, nunha superficie de 500 m², unha tarima-escenario, así como equipamento de luz e son cun xenerador eléctrico, para o cal se iniciou solicitude de autorización de ocupación dos terreos a Portos de Galicia. Ademais dotárase dunha carpa de 25x10 metros, que conta con certificado técnico da estrutura e seguro de RC en vigor.

Por todo isto, **dase conta de dita celebración e solicítase:**

- Acordo da XGL para a autorización deste evento.
- Dar traslado do acordo á Policía Local para que teñan en conta esta celebración en atención á seguridade cidadá, colocación de valados e prohibicións de aparcamento oportunas."

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

- Autorizar a celebración da homenaxe a Los Tamara co musical "Unha noite na eira do trigo" en Palmeira, o vindeiro sábado 22 de abril, de 21:00 h a 02:00 h do domingo 23.
- Dar traslado do acordo á Policía Local para que teñan en conta esta celebración en atención á seguridade cidadá, colocación de valados e prohibicións de aparcamento oportunas."

18.- DESIGNACIÓN DO XURADO DA IX EDICIÓN DO CONCURSO INTERNACIONAL DE NOVELA CURTA "CIDADE CENTENARIA DE RIBEIRA"

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 17/04/2023, relativa á **designación do xurado da IX Edición do Concurso Internacional de Novela Curta "Cidade Centenaria de Ribeira**, e na que expón:

"María José Sampedro Fernández, Concelleira delegada de Cultura do Concello de Ribeira,

INFORMO:

1.- Na data de 26/5/2022 a Xunta de Goberno Local de Ribeira aprobou as Bases da IX Edición do Concurso Internacional de Novela Curta "Cidade Centenaria de Ribeira" 2022-2024, así como a autorización para a sinatura do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e Edicións Xerais de Galicia e a autorización do gasto para un primeiro e único premio dotado coa cantidade de 3.000,00 €.

2.- Conforme ás citadas bases, establécese un prazo de admisión das obras neste certame que rematou o 23 de marzo de 2023. Aos efectos de valorar os relatos presentados a concellería de cultura procede designar aos membros que compoñen o Xurado, órgano dotado de facultades de decisión deste premio, quedando integrado por:

- Sara Vila Alonso, xornalista e responsable de comunicación de Xerais, designada pola editorial.
- Irene Montero Díaz, escritora e gañadora da anterior edición deste certame.
- Margarita Fernández Gómez, doutora en estudos de literatura e da cultura pola USC, coordinadora da equipa de NLG do IES Espiñeira e tradutora e profesora de latín.
- Xoán Fernández Callón, historiador e bibliotecario de Ribeira.
- Unai González Suárez, xestor cultural de Ribeira. Secretario do Xurado con voz e sen voto.

3.- Aos efectos de sufragar parte dos gastos por formar parte do xurado polos seus traslados ás distintas reunións, tempo de lecturas, etc, estímase conveniente dispor dunha cantidade de 200 euros



como contraprestación polo seu servizo para aqueles dos membros do xurado que non forman parte da organización deste certame, é dicir, que non son persoal municipal nin da editorial Xerais. Polo tanto, considérase axeitado realizar este aboamento a Irene Montero Díaz e Margarita Fernández Gómez.

En consecuencia, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local:

- Dar conta da designación dos membros do xurado para a citada edición deste certame.
- Autorizar e dispor do importe de 200,00 € para cada un dos membros do xurado que non forman parte do persoal municipal de Ribeira, IRENE MONTERO DÍAZ e MARGARITA FERNÁNDEZ GÓMEZ en concepto de contraprestación polo seu servizo como xurado neste certame. A estes efectos achegarase fotocopia do DNI e certificado do IBAN de cada un destes membros.”

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

- Aprobar a designación dos membros do xurado para a citada edición deste certame.
- Autorizar e dispor do importe de 200,00 € para cada un dos membros do xurado que non forman parte do persoal municipal de Ribeira, IRENE MONTERO DÍAZ e MARGARITA FERNÁNDEZ GÓMEZ en concepto de contraprestación polo seu servizo como xurado neste certame.”

19.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL (CONCERTO) EN DE LOCAL DE HOSTALERÍA – Antonio Lijó González

VISTO o escrito presentado por **Antonio Lijó González**, en representación do establecemento “Bar Plaza”, de data 19/04/2023 (Rexistro de entrada nº 9.757), no que solicita permiso para evento musical (concerto) no establecemento hostaleiro “Bar Plaza” (Ribeira), o día 22 de abril de 2023, en horario de 01:00 h. a 03:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización (**Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións**) a **Antonio Lijó González**, para eventos musicais no establecemento hostaleiro “Bar Plaza” (Ribeira), o día 22 de abril de 2023, en horario de **01:00 h. a 02:00 h. (Puidendo comenzar o concerto antes do horario establecido), nas condicións establecidas pola “Instrucións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira”**, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e aprobada corrección na Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:

“(…)”

5.- DATAS E HORARIOS:

5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”: entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. Cafetería:



Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

(...)"

SEGUNDO.- Durante a celebración dos eventos a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor de "Bar Plaza" (Ribeira) (**Antonio Lijó González**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: "O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respetar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable."
- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: "1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)"
- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: "Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal."



- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: "Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable."

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervenir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

20.- SOLICITUDE CELEBRACIÓN CONCENTRACIÓN EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA – Plataforma en Defensa da Sanidade Pública

Visto o escrito presentado por Lucía María García Rivela en representación da **Plataforma en Defensa da Sanidade Pública**, de data 19/04/2023 (Rexistro de entrada nº 9.729), no que solicita autorización para a celebración dunha concentración na Praza do Concello (Ribeira), o 26/04/2023, en horario de 20:00 h. a 21:30 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración dunha concentración na Praza do Concello (Ribeira), o 26/04/2023, en horario de 20:00 h. a 21:30 h.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento



21.- LICENZA URBANÍSTICA DE REFORMA DE LIÑA ELÉCTRICA 66 KV FRINSA-PALMEIRA (PLAN PARCIAL, XARÁS, RIBEIRA). PROMOTORES: FRINSA DEL NOROESTE, S.A

VISTA a solicitude presentada pola entidade **FRINSA DEL NOROESTE, S.A (CIF A15010564)** con data **25 de xaneiro de 2023** (rex de entrada 2107), representada por D. Jesús Ángel Pisos Arnoso, para **REFORMA DE LIÑA ELÉCTRICA 66 KV FRINSA-PALMEIRA (PLAN PARCIAL, XARÁS, RIBEIRA)** según **proxecto do enxeñeiro Industrial**, Don Francisco Javier Bouza Cabarcos,

VISTO o **informe favorable en material de Patrimonio** emitido pola **Dirección Xeral do Patrimonio Cultural** da Xunta de Galicia con data **10 de marzo de 2023** (xefatura do servizo: Rosario Fernández- Albalat Ruiz.)

VISTO o **informe favorable** emitido pola **Consellería do Medio Rural** de data **16 de marzo de 2023** (xefatura de servizo: Iñaki Bergaretxe Urdanpilleta).

VISTO o **informe favorable** sobre **control arqueolóxico de remoción de terras** emitido pola **Dirección Xeral do Patrimonio Cultural** da Xunta de Galicia con data **3 de abril de 2023** (xefatura do servizo: Rosario Fernández- Albalat Ruiz.)

VISTO o **informe favorable** técnico emitido polo **arquitecto técnico en tarefas de asesoramento externo a esta Corporación** D.Manuel Sabin Sabin con data **18 de abril de 2023**.

VISTO o **informe favorable** emitido con data **19 de abril de 2023** polo **secretario xeral da Corporación**, D Juan Manuel Salguero del Valle, no exercizo das competencias que lle son propias ao abeiro do disposto no artigo 3 do Real Decreto 128/2108, de 16 de marzo polo que se aproba o Regulamento sobre o réxime xurídico dos funcionarios con habilitación de carácter nacional.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER á entidade **FRINSA DEL NOROESTE S.A (CIF A15010564)** **LICENZA URBANÍSTICA (Nº 21/23) PARA REFORMA DE LIÑA ELÉCTRICA 66 KV FRINSA-PALMEIRA (PLAN PARCIAL, XARÁS, RIBEIRA)** según **proxecto do enxeñeiro Industrial**, Don Francisco Javier Bouza Cabarcos.

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.-A obra deberá axustarse en todo momento ás determinacións contempladas no **informe favorable en material de Patrimonio** emitido pola **Dirección Xeral do Patrimonio Cultural** da Xunta de Galicia con data **10 de marzo de 2023** (xefatura do servizo: Rosario Fernández- Albalat Ruiz, no **informe favorable** emitido pola **Consellería do Medio Rural** de data **16 de marzo de 2023** (xefatura de servizo: Iñaki Bergaretxe Urdanpilleta) e no **informe favorable** sobre **control arqueolóxico de remoción de terras** emitido pola **Dirección Xeral do Patrimonio Cultural** da Xunta de Galicia con data **3 de abril de 2023** (xefatura do servizo: Rosario Fernández- Albalat Ruiz.)



CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:15 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.



FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 20/04/2023
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/04/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/04/2023 13:10:00

